



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA (TELEMÁTICA) Nº 5/2020 DO PLENO REALIZADA O DÍA 11-12-2020

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as doce horas e dez minutos do día once de decembro de dous mil vinte reúnen-se, mediante conexión telemática, (<https://meet.google.com/cfp-wesc-txb>) por videoconferencia, debido á situación perigosa de contaxios do coronavirus no concello, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto. Os sres. Freire e Roca incorpóranse á sesión un intre máis tarde, nos momentos indicados no punto 2.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTE

Lucía Abeal Fuentes (PP)

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 30-9-2020. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; non se formula ningunha alegación polo que, en virtude do establecido no art. 91.1 do R.O.F (Real decreto 2568/1986), se declara aprobada a acta da sesión ordinaria de 30-9-2020.

2. PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS POS+ 2021. Dáse conta da circular da Deputación de A Coruña, sobre das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos POS+ 2021). O importe efectivo do plan é de 357.482,39 €, xa que non se participa do préstamo provincial asignado (34.073,06 €), debido aos problemas que provoca na estabilidade orzamentaria municipal. O importe efectivo supera amplamente a asignación do POS+ 2020.

O sr. Boado (BNG) manifesta que na obra denominada vial de Cabanas hai un defecto importante, xa que na gallada de Lousada hai uha fonte de auga que é preciso drenar para un correcto arranxo ou mellora da estrada, aspecto que xa advertiu á Alcaldía antes de redactarse o proxecto; por parte do sr. alcalde (PP) indícase que na medición da pista non se observou ningún



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

problema de auga nese lugar, pero que se comprobará e comprométese a que se arranxe antes de executar o proxecto do POS+.

Tras o breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 8 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	0,00	0,00	0,00

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2021	71.526,73 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	71.526,73 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Mellora de firme en vial Campoadre Cabanas e outros	71.580,12 €	0,00 €	71.580,12 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	71.580,12 €	0,00 €	71.580,12 €

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos “financeiramente sostibles”)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de firme vial Salgueiral e outros	453	53.253,20 €	30,00 €	53.283,20 €
Aglomerado vial Oleira A Queira outros	453	56.571,01	37,23	56.608,24
Mellora de firme en vial Fraga Redonda e outros	453	43.085,10	0,00	43.085,10
Mellora de firme vial Granvén Airoa e outros	453	61.466,23	0,00	61.466,23
Subtotal investimentos achega provincial 2020		214.375,54 €	67,23 €	214.442,77 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento
--------------------------	-------------------------------



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas no POS+ 2021 e que se relacionan nestas táboas, redactados por Victorino Corral Rodríguez (técnico municipal e arquitecto técnico).

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0,00 €

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	0,00 €		0,00 €
	Achega 2021	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	71.526,73 €		71.526,73 €
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00 €		0,00 €
C.- INVERSIONES	Achega 2021	71.580,12 €	0,00 €	71.580,12 €
	Achega 2020	214.375,54 €	67,23 €	214.442,77 €
	Préstamo 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0,00 €		0,00 €
TOTAL	Achega 2021	143.106,85 €	0,00 €	143.106,85 €
	Achega 2020	214.375,54 €	0,00 €	214.442,77 €
	Préstamo 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	357.482,39 €	67,23 €	357.549,62 €

2. Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 50% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
ENSANCHE Y MEJORA CAMINO PUBLICO ARUFECHURIO	454	30.588,72 €
Canalización de pluviais en Tiulfe e outros	453	35.480,13 €
APERTURA DE VIAIS NAS ALBARIZAS	453	34.762,22 €
MELLORA DE FIRME VIAL CABANAS E OUTROS	453	44.875,37 €
MEJORA DE FIRME EN VIAL CASELAS	453	50.091,77 €
TOTAL		195.798,21€ (50,00%)



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, agás no relativo ao proxecto de Ensanche y mejora camino público Arufe- Churío, cun expediente expropiatorio en trámite para obter os terreos das 4 parcelas que faltan por ceder.

4. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2021, se a houbera.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3. POS+ ADICIONAL 1/2021 DE SERVIZOS SOCIAIS. Dáse conta da aprobación do plan provincial adicional 1/2021 de gasto social. Tamén se dá conta da proposta do reparto do importe municipal asignado, prevista xa no orzamento que se estudará nesta sesión.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) indica que é importante apoiar aos servizos sociais, polo que votará a favor.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 8 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2021**” da Deputación Provincial da Coruña, para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	86.731,43 €
---	-------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO <i>(Pode ser superior ao importe solicitado)</i>
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urgente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	XXX	XXX	XXX
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	24.731,43	0	24.731,43
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	5.000	0,00	5.000
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de 5Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS)	32.000	0,00	32.000
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	XXX	XXX	XXX
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	XXX	XXX	XXX



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

g) Adquisición de medios de prevención (EPI) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	25.000	0	25.000
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	XXX	XXX	XXX
T O T A L	86.731,43	0	86.731,43

2. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4. ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO. Dáse conta do resultado da convocatoria para o posto citado, publicada no BOP de 6-10-2020 en base ao acordo plenario do 30-9-2020, pola cal se presentaron en prazo as seguintes instancias:

- Adela Paz Balsa, DNI nº 335XXXX1E, con data do 7-10-2020.
- José Luis Vázquez Martínez, DNI nº 763XXXX3V, con data do 26-10-2020.

Prodúcese un breve debate sobre estas candidaturas, tendo o último candidato experiencia de xuíz de paz neste concello (titular e substituto, sendo o actual substituto), polo que é proposto pola Alcaldía.

Sometida esta candidatura a votación ordinaria obtense o seguinte resultado: unanimidade e maioría absoluta de 8 votos favorables, polo que se declara aprobado o seguinte **acordo**:

1. Désígnase e proponse ao Tribunal Superior de Xustiza a **José Luis Vázquez Martínez**, de profesión empresario, para o cargo de xuíz de paz substituto de Irixoa (resolvendo a convocatoria publicada no BOP do 6-10-2020), en atención ao disposto nos arts. 99-103 da Lei Orgánica 6/1989 e ao escrito da secretaria de goberno do TSX-Galicia de 14-9-2020.
2. Remitirase certificado do presente acordo, así como copia do expediente actuado, ao Tribunal Superior de Xustiza.
3. Notificar o presente acordo ás persoas solicitantes.

5. ORZAMENTO MUNICIPAL 2021: ESTADOS, BASES DE EXECUCIÓN E PERSOAL. Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación do orzamento desta entidade, formado para o exercicio do 2.021 pola Alcaldía; concretamente dáse conta da relación dos ingresos previstos e dos gastos permitidos, das bases específicas, do ámbito do persoal e do informe favorable de secretaria-intervención; mantéñense en liñas xerais as previsións dos orzamentos anteriores, con leves modificacións; inclúese POS+ e PIL.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Prodúcese un breve debate sobre algúns dos aspectos previstos no orzamento. Indica o sr. Alcalde (PP) que os cambios máis importantes son o reforzo dos servizos sociais, a paulatina redución da facturación eléctrica (implantación led) e o aumento do gasto do lixo (plástico agrícola). Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) anúnciase o voto de abstención, aínda que apoia o reforzo dos servizos sociais.

Tras o debate sométese a votación ordinaria o asunto, resultando aprobado por maioría absoluta de 6 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións (sr. Boado e sra. Cal), o seguinte **acordo**:

1. Considerando que na tramitación do expediente cumpríronse os requisitos establecidos pola lexislación vixente e contén os documentos preceptivos pola normativa aplicable (R.D. Lexislativo 2/2004 e R.D. 500/1990), apróbase inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio do 2021, cunha contía equilibrada en gastos e ingresos de UN MILLÓN SEISCENTOS SETENTA MIL SETECENTOS SETENTA E TRES (1.670.733) euros. O desglose por capítulos será o seguinte:

Capítulo	Denominación	Euros
ESTADO DE GASTOS		
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal.....	652.960
2	Gastos en bens correntes e servizos.....	627.250
3	Gastos financeiros.....	1.500
4	Transferencias correntes.....	47.000
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións reais.....	342.023
SUMA TOTAL DE GASTOS.....		1. 670.733
ESTADO DE INGRESOS		
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	1 Impostos directos.....	250.000
2	2 Impostos indirectos.....	6.000
3	3 Taxas e outros ingresos.....	147.460
4	4 Transferencias correntes.....	976.175
5	5 Ingresos patrimoniais.....	100
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
7	7 Transferencias de capital.....	290.998
SUMA TOTAL DE INGRESOS.....		1. 670.733

2. Apróbanse igualmente as bases de execución específicas do orzamento do 2021, que complementan ás bases xerais aprobadas por acordos plenarios de 19-1-94 e 20-4-94, coas adaptacións precisas á lexislación vixente; as bases de execución específicas son similares ás aprobadas no orzamento do 2020, agás na relación de subvencións nominativas.

3. Apróbase o plantel de persoal, tanto de carácter funcionario como laboral, co correspondente anexo de persoal. As retribucións do persoal van calculadas co incremento do 2,0% sobre as do ano 2020 (considerando 14 pagas). O resumo do anexo de persoal é o seguinte:

PERSONAL FUNCIONARIO



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Denominación posto	Grupo	Compl. destino	Situación
1. Habilitación Estatal Secretaría-Intervención-Tesourería	A-1/A-2	28	Propiedade
2. Escala de Administración Xeral Administrativo-xefe negociado	C-1	22	Propiedade
Alguacil-Porteira	A-P	11	Vacante - amortización dotación económica
3. Escala de Admnción. Especial Traballador social	A-2	24	Propiedade

Nº	Denominación	Observacións
PERSOAL LABORAL FIXO		
1	auxiliar adva-operadora informática	Secretaría Xulgado de Paz
1	limpadora de inmobles municipais (6 horas/día).	Vacante, contratado a empresa
1	oficial 1ª advo.-informático	
4	auxiliares de axuda no fogar	
1	operario de servizos varios	
PERSOAL LABORAL TEMPORAL		
1	técnica deportiva municipal	
1	bibliotecaria, informadora xuvenil e cultura	
1	orientadora laboral	subvención autonómica
1	Educadora social	Subvención provincial
1	Auxiliar de servizos sociais	Subvención provincial
4	oficiais 1ª tractoristas POS+ 2020	6 meses (30 horas)
2	oficiais 1ª albanel POS+ 2020	6 meses (30 horas)
1	peón de obras - POS+ 2020	6 meses (30 horas)
1	auxiliar SAF (servizos sociais)	4 meses (cubrir vacacións)
=	substitucións por suplencias e incidencias	variable
PERSOAL DIRECTIVO		
Alcaldía	dedicación exclusiva	8 horas diarias
Concellería de obras e servizos	dedicación parcial	6 horas diarias

En relación ás novas contratacións de persoal laboral temporal, considérase que as mesmas son indispensables para un mínimo mantemento dos servizos esenciais, como vías rodadas, servizos sociais e ciclo hídrico, co obxecto de garantir a seguridade, sanidade e benestar dos seus diversos usuarios; prescindir de ditas contratacións ocasionaría un grave prexuízo a ditos usuarios e, nalgún caso, ao propio concello por vía de reclamacións administrativas e xudiciais pola responsabilidade administrativa derivada dos posibles danos a terceiros.

4. Exponse ao público o citado expediente polo prazo de quince (15) días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ao art. 169.1 do R.D.Legislativo 2/2004.

5. No suposto de non presentarse reclamacións contra o presente acordo, considerarase definitivamente aprobado o expediente, debendo de cumprirse o trámite da súa publicación no BOP (resumo por capítulos e plantel de persoal, tal e como dispón o art. 127 do R.D. Legislativo 781/1986 e o art. 169.3 do R.D.Legislativo 2/2004).



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

6. Unha vez aprobado definitivamente o orzamento remitírase copia do mesmo á Administración do Estado e á Xunta de Galicia, tal e como establece o art. 169.4 do R.D.Legislativo 2/2004.

6. RECUPERACIÓN CAMIÑO PÚBLICO PERTURBADO DE ACCESO Á FONTE SÉCHEME EN FEAL (CHURÍO). Dáse conta da tramitación do escrito de David González Gude: informe do técnico, informe xurídico do secretario, acordo inicial da Xunta de Goberno Local do 30-9-2020 e resultado da audiencia ao interesado; dos cales dedúcese a existencia dunha perturbación do uso público do camiño (cerrado conxuntamente coas parcelas lindantes), polo que procede un requirimento de apertura do mesmo. Por parte da sra. Nieves Marcote comunicouse verbalmente que non hai ánimo de apropiación, senón medida de protección contra os danos do xabarín e outra fauna salvaxe, polo que solicita que se lle permita manter o cerramento pola noite, cunha apertura polo día.

A continuación prodúcese un breve debate, onde se expón por parte de Secretaría de esa apertura tería que ser de acceso rodado (non simplemente peonil), así como por parte da Alcaldía que houbo un acordo verbal coa interesada para que puidera manter o cerramento en horario nocturno, como medida provisional ata que tramite no concello os cerramentos laterais do camiño e o execute (prazo prudencial que podería estimarse en 6 meses).

Sometido o asunto a votación, por unanimidade de 8 votos favorables, declárase aprobado o seguinte **acordo**:

1. Considerando as razóns de feito e de dereito que se relacionan a continuación, requírese definitivamente a Nieves Marcote Quintián para que anule os cerramentos do camiño público existente entre as parcelas 407 e 409 do polígono 501 en Feal (Churío), repoñendo tal camiño á súa posesión e uso público libre:

- o camiño resultou da concentración parcelaria de Churío-Cela, estando claramente delimitado nos seus planos.
- o camiño é de dominio e uso público municipal, a pesar de non estar concretado no inventario.
- non consta título posesorio específico en favor de Nieves Marcote.
- o camiño ten unha anchura irregular media de 4 ms.
- a normativa vixente (art. 70 e ss. do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por R. D. 1372/1986, do 13 de xuño) autoriza á recuperación propia, en calquera tempo, da posesión dos bens de dominio público.

2. Outórgase a Nieves Marcote Quintián o prazo de 1 mes para que regularice o tránsito rodado público polo camiño cerrado, tramitando e executando os cerramentos laterais que puideran ser necesarios.

3. Facúltase á Alcaldía para a adopción de calquera medida tendente a garantir o libre uso e posesión pública do citado camiño.

7. MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS. Dáse conta da Memoria-proposta da Alcaldía, sen necesidade do estudo económico específico xustificativo, así como do informe de Secretaría-Intervención-Tesourería (favorable).

No debate perfílanse as seguintes posicións:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- a sra. Cal (PSdeG-PSOE) está a favor, en especial polo apoio brindado ao maltratado sector da hostalería.
- o sr. Boado (BNG) está en contra, especialmente no gravame de 60 € ás denuncias, xa que debería ser pagado polo denunciado infractor, considerando estraño o cambio de parecer de secretaría-intervención manifestado en anteriores sesión.

Por parte de secretaría-intervención-tesourería aclárase que tales manifestacións eran meramente verbais e provisionais, considerando agora xustificada a proposta da Alcaldía; en relación á inversión do gravame ao infractor, considérase inviable pola vía tributaria e unicamente se podería gravar vía sanción, se a normativa lle dese cobertura.

Tras o debate, por medio de votación ordinaria con resultado de maioría de 7 votos favorables e 1 voto contrario (sr. Boado), declárase aprobado o seguinte **acordo**:

1. Aprobar provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais que se citan:
 - nº 3 da taxa pola expedición de documentos administrativos, anulando exencións e cambiando certas tarifas (Anexo 1, modificación en cursiva).
 - nº 12 da taxa polo subministro de auga potable domiciliario, cunha exención especial temporal para os establecementos afectados pola pandemia do coronavirus (Anexo 2, modificación en cursiva).
2. Exporase ao público o presente expediente polo prazo de 30 días hábiles a efectos de reclamacións conforme ó establecido nos arts. 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de abril (Texto Refundido da Lei de Facendas Locais). En caso de non presentarse reclamacións elevarase o presente acordo automaticamente a definitivo.
3. Tras a aprobación definitiva do expediente procederase á publicación no BOP dos novos textos das ordenanzas para o coñecemento xeral e a súa entrada en vixencia e eficacia, que comezarán ao día seguinte da publicación.

ANEXO 1

ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa por expedición de documentos administrativos que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenrolada co motivo da tramitación, a instancia de parte, de todas clases de documentos que expida e de expedientes de que entenda a administración ou as autoridades municipais.
2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este concello.

4. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes na sede electrónica do concello, agás que polo seu contido teñan aparellada unha taxa ou tarifa específica, en especial non estarán suxeitos a tributación os seguintes trámites:

- certificados e volantes de empadramento.
- certificados e informes de datos individualizados dos padróns, matrículas, censos e outros documentos tributarios e de ingresos públicos.
- recibos de presentación no rexistro electrónico da Administración.
- certificados de actas e acordos municipais, así como a notificación dos mesmos.
- actos de trámite e administrativos sobre requirimento de emenda de defectos, así como información relativa á duración do procedemento e o sentido do silencio administrativo.
- intercambio de información, documentación e certificación con outras administracións, entidades e institucións públicas.
- outros de carácter similar.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades ou entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Exencións subxectivas

Non se establecen exencións subxectivas, agás as establecidas por normativa estatal ou autonómica.

Artigo 6. Cota Tributaria

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.
3. As cotas resultantes por aplicación das seguintes tarifas incrementaranse nun 50% cando os solicitados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivases o devengo.

Artigo 7. Tarifas

A tarifa á que se refire o artigo anterior estrutúrase nos seguintes epígrafes:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Epígrafe primeiro: poboación e estatística.

1. Certificados de empadramento (individuais, colectivos, etc.): *2 euros*.
2. Certificados de residencia: *2 euros*.
3. Informes de convivencia: *2 euros*.
4. Outros documentos certificantes ou informantes sobre o tema: *2 euros*.

Epígrafe segundo: documentos de expedientes administrativos, fotocopias e compulsas.

1. Comparecencias e certificados testificais: *5 euros*.
2. Fotocopia ordinaria, por páxina: *0,10 euros en A4 e 0,15 € en A3*.
3. Fotocopia de documento existente no arquivo histórico, por páxina: *0,15 euros*.
4. Instancias que impliquen resposta administrativa a remitir por correo (e non comporten outro tipo de taxa, que anularía a deste epígrafe): *1 euro; cando a instancia implique denuncia de terceiros: 60 €*.
5. Compulsa dunha páxina ordinaria fotocopiada: *1 euro* (agás cando a fotocopia sexa de documentación relativa ó saneamento gandeiro, que queda exenta de tributación).
6. Compulsa dunha páxina fotocopiada do arquivo histórico: *3 euros*.
7. Compulsa conxunta de 2-9 páxinas: *2 euros*.
8. Compulsa conxunta de 10 ou máis páxinas: *3 euros, máis 0,10 euros por páxina engadida*.
9. Documentos expedidos a interesados particulares, mediando tramitación de informe técnico ou da Alcaldía: *5 €*.
10. Expedición doutro tipo de documentos non especificados nos epígrafes anteriores: *3 euros*

Epígrafe terceiro: concesións e licenzas.

1. Autorización de substitución de vehículos de autoturismo (taxi): *10 euros*
2. Permisos de festas, por día: *5 euros*
3. Outros non especificados (e sen taxa específica): *3 euros*

Epígrafe cuarto: urbanismo (independente e compatible coa taxa por licenzas).

1. Por cada licenza planeada sobre o terreo: *15 euros*.
2. Informe sobre réxime urbanístico de terreo, por unidade catastral: *10 euros*.
3. Certificación de antigüidade de vivenda e non existencia de expedientes de infracción urbanística: *25 euros*.
4. Expediente de ruína: *50 €*.
5. *Prorroga da vixencia de licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables : 15 €*.
6. Outros informes ou certificados urbanísticos: *20 €*.

A tributación por licenzas, comunicacións previas e declaracións responsables de tipo urbanístico ou ambiental están suxeitas en ordenanza fiscal específica.

Epígrafe quinto: documentación catastral

1. Copia de cartografía en papel: *1 € en A4 e 2 € en A3*.
2. Copia de información non gráfica de expediente: *0,30 €/ páxina*.
3. Certificacións catastrais PIC:
 - a)- descritiva e gráfica individual inicial (acceso aplicación): *5 € ata 5 lindeiros e 8 € con máis de 5 lindeiros cando se refiran a inmobles situados no municipio de Irixoa; 10 € e 15 €, respectivamente, cando os inmobles se sitúen fóra de Irixoa.*
 - b)- descritiva e gráfica individual sucesiva de varios bens: *5 € cada unha cando se refiran a inmobles situados no municipio de Irixoa; 10 € cando os inmobles se sitúen fóra de Irixoa.*
 - c) - *certificación agrupada de todos os bens: 10 € ata 10 bens e 15 € máis de 10 bens cando o interesado sexa residente en Irixoa; 15 € ata 10 bens e 20 € máis de 10 bens cando o interesado non sexa residente en Irixoa.*
 - d)- literais de inmobles únicos (urbanos, rústicos ou C.E.): *5 €*.
4. Outros documentos expedidos no PIC: *5 €*.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Epígrafe sexto: dereitos de exame selección de persoal

1. Dereitos de exame de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo nivel equivalente:

SUBGRUPO OU NIVEL	IMPORTE €
2.1 A1	45
2.2 A2	40
2.3 B	35
2.4 C1	30
2.5 C2	25
2.6 Agrupacións profesionais	20

2. Dereitos de exame de persoal funcionario interino ou laboral temporal nivel equivalente:

SUBGRUPO OU NIVEL	IMPORTE €	
	ou superior 12 meses	inferior 12 meses
2.1 A1	35	30
2.2 A2	30	28
2.3 B	25	23
2.4 C1	20	18
2.5 C2	20	18
2.6 Agrupacións profesionais	18	16

Artigo 8. Bonificacións da cota

Como regra xeral non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa; en relación aos dereitos de exame, as persoas paradas que acrediten a súa condición de desempregadas nos últimos 12 meses, así como a non percepción de prestacións por tal concepto, referidas á data de solicitude, terán unha bonificación da cota do 50%.

Artigo 9. Devengo

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

2. Nos casos aos que se refire o número 2, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provexan a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado mais redunde no seu beneficio.

Artigo 10. Declaración e ingreso

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación polo procedemento de selo municipal estampado tanto no escrito de solicitude de tramitación do documento ou expediente como nos propios documentos.

2. Os escritos recibidos polos condutos aos que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, mais non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, a cuxo fin se requirirá ao interesado para que, no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes, co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, se terán os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3. As certificacións ou documentos que expida a administración municipal en virtude de oficio de xulgados ou tribunais para toda clase de preitos non se entregarán nin remitirán sen que previamente fose satisfeito a correspondente cota tributaria.

Artigo 11. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 191-206 e concordantes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, aprobada orixinariamente por acordo plenario do 7-9-1989, modificada por acordos do 29-10-2004, do 20-12-2007, do 31-10-2012, do 31-5-2013, do 18-10-2019, e na presente modificación por acordo plenario do 11-12-2020, entrará en vigor e será de plena aplicación, en canto a tal modificación, con data do día seguinte ao da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO 2

ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINSITRO DE AUGA (aparecen en cursiva)

Disposición transitoria

Dende o 1-7-2020 e ata o remate da declaración do estado de alarma pola pandemia do coronavirus, ou da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego pola Xunta de Galicia, quedan exentas do pagamento do taxa municipal de subministro de auga as persoas titulares dos seguintes establecementos, sempre que teñan diminuído significativamente a súa actividade no dito período, cun consumo de auga igual ou inferior ao 50% ao consumo realizado no período de facturación inmediatamente anterior ao 1 de xullo de 2020: establecementos de restauración (restaurantes, salóns de banquetes, cafeterías e bares), hoteis e aloxamentos turísticos, e outros similares.

8. APROBACIÓN DEFINITIVA DESAFECTACIÓN E PERMUTA EN TIULFE: MANUEL VÁZQUEZ PENA. No acordo plenario do 30-9-2020 aprobouse inicialmente o seguinte:

“1. Apróbase inicialmente o expediente de desafectación dun pequeno tramo final na zona norte dun camiño público secundario en Tiulfe (parroquia de Ambroa), con referencia catastral 15040B503090440000EP, concretamente nunha superficie de 44 m² entre as parcelas 816, 815 e 001801500NH79E do polígono 503 de rústica de Irixoa. Posteriormente o tramo desafectado será permutado coa parcela 001802300NH79E0000ZB, propiedade de Manuel Vázquez Pena (promotor do expediente), con equivalencia de valores, aínda que as superficies son distintas. O obxecto de tal desafectación e permuta é permitir un mellor equipamento do núcleo, así como un tráfico rodado máis seguro e con maior maniobrabilidade nesa zona. Ambas superficies están en solo de núcleo rural histórico-tradicional.”

A exposición pública de tal acordo iniciouse mediante a publicación do correspondente anuncio no BOP do 22-10-2020, rematando o 22 de novembro de 2020, sen que se presentasen alegacións ou reclamacións. Procede, pois, aprobar definitivamente o presente acordo.

Prodúcese un breve debate sobre as circunstancias e a tramitación do expediente.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade e maioría absoluta de 8 votos favorables, o seguinte **acordo**:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1. Apróbase definitivamente o expediente de desafectación dun pequeno tramo final na zona norte dun camiño público secundario en Tiulfe (parroquia de Ambroa), con referencia catastral 15040B503090440000EP, concretamente nunha superficie de 44 m² entre as parcelas 816, 815 e 001801500NH79E do polígono 503 de rústica de Irixoa.

A citada porción, como parcela sobrante non utilizable, será permutada ao colindante interesado, Manuel Vázquez Pena, para a incorporación as súas parcelas da zona, a cambio da parcela de referencia catastral 001802300NH79E0000ZB, que se afecta ao uso público. Pola Xunta de Goberno Local aprobarase o acordo executivo aprobando a permuta.

2. Publicarase a presente aprobación definitiva no BOP, aos efectos de coñecemento xeral e posibles recursos.

9. APROBACIÓN INICIAL DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO EN GÁNDARA: ALFREDO CALVO VARELA. Dáse conta da tramitación do expediente analizado, iniciado de oficio ao constatarase a perda de uso de tal camiño, así como a súa innecesiedade, segundo escrito rexistro de entrada nº 1352 do 9-11-2020; constan o informe xurídico de Secretaría e o informe técnico favorable, no que se considera procedente a eliminación da afectación e a venda dos terreos.

Tras un breve debate, sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade e maioría absoluta de 8 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Apróbase inicialmente o expediente de desafectación dun camiño público secundario en Gándara (parroquia de Churío), con referencia catastral 15040A037090590000PP, cunha superficie de 354 m², entre as parcelas 1026 e 1028 do polígono 37 de rústica de Irixoa. Posteriormente o tramo desafectado será vendido aos colindantes interesados. O obxecto de tal desafectación e venda é regularizar o viario na zona, descartando o innecesario.

2. Ábrese un período de información pública polo prazo de 1 mes aos efectos previstos no art. 8 do Regulamento de Bens das E.L. (R.D. 1372/86, do 13 de xuño), polo que se publicará o pertinente anuncio no B.O.P.; notificarase persoalmente o presente acordo aos colindantes e posibles interesados.

3. Unha vez concluído o anterior período de información pública resolveranse as alegacións ou reclamacións, se foran presentadas, e adoptarase o acordo definitivo de desafectación por maioría absoluta. Pola Xunta de Goberno Local deberase aprobar, se procedese, a venda do terreo desafectado aos propietarios colindantes interesados.

Sendo as 13:15 horas abandona temporalmente a sesión o sr. Boado (BNG) pola existencia de vínculo familiar cunha das promotoras do punto 10.

10. APROBACIÓN INICIAL DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO EN LOUSADA: M^a DOLORES PORTO ÁLVAREZ E M^a JOSÉ PÉREZ ARES. Dáse conta da tramitación do expediente analizado, iniciado por instancia de María Dolores Porto Álvarez, ao constatarase a perda de uso de tal camiño, así como a súa innecesiedade, segundo escrito rexistro de entrada nº 1129 do 25-9-2020; a memoria da desafectación xustifica adecuadamente a perda de uso e a innecesiedade; por outra banda solicitouse a rectificación do trazado errado dun tramo deste mesmo camiño, segundo informe de subsanación redactado e asinado por Alberto R. Ma-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

riño Sánchez, tramo que finalmente tamén se considera innecesario e inclúese na desafectación do expediente principal; as propietarias colindantes con este terreo, M^a Dolores Porto e M^a José Pérez asinaron un documento de conformidade con esta tramitación de desafectación agrupada; constan o informe xurídico de Secretaría e o informe técnico favorable, no que se considera procedente a eliminación da afectación e a venda dos terreos.

Tras un breve debate, sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade e maioría absoluta de 7 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Apróbase inicialmente o expediente de desafectación dun camiño público secundario en Lousada (parroquia de Verís), con referencia catastral 15040A008090150000PB, cunha superficie aproximada de 1.563 m², entre varias parcelas do polígono 8 de rústica de Irixoa: o tramo iníciase colindando coa parte oeste da parcela 001500200NH79B0001PJ e remata no camiño RC 15040A008090090000PH. Posteriormente o tramo desafectado será vendido aos colindantes interesados. O obxecto de tal desafectación e venda é regularizar o viario na zona, descartando o innecesario.

2. Ábrese un período de información pública polo prazo de 1 mes aos efectos previstos no art. 8 do Regulamento de Bens das E.L. (R.D. 1372/86, do 13 de xuño), polo que se publicará o pertinente anuncio no B.O.P.; se existisen outros terceiros que puideran considerarse prexudicados notificarase persoalmente o presente acordo.

3. Unha vez concluído o anterior período de información pública resolveranse as alegacións ou reclamacións, se foran presentadas, e adoptarase o acordo definitivo de desafectación por maioría absoluta. Pola Xunta de Goberno Local deberase aprobar, se procedese, a venda do terreo desafectado ás propietarias colindantes interesados.

Sendo as 13:20 horas reincorpórase á sesión o sr. Boado (BNG).

11. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MESES ANTERIORES.

Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía nos meses de setembro, outubro e novembro de 2020; repartíranse previamente, xunto á convocatoria do pleno, unhas relacións extractadas das mesmas a cada corporativo. Remítirase unha copia ás administracións estatal e autonómica.

Non hai preguntas ou comentarios sobre estas relacións.

O Pleno queda enterado.

Sendo as trece horas e vinte e tres minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE